

A large, white, stylized letter 'C' logo is positioned in the upper left corner of the image. The background is a close-up photograph of ancient stone carvings, possibly from the Roman era, showing a grid-like pattern of rectangular blocks. The stone is weathered and covered with patches of green moss, particularly in the recessed areas of the grid.

Compostela
Cultura

de LUGARES e ÓRGANOS



músicas e outras
paisaxes de Compostela
do 24 ao 31 de marzo 2024

de LUGARES e ÓRGANOS



Organiza: Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica

Concepto e dirección artística: Belén Bermejo López

Asesoría musical, investigación e documentación: Andrés Díaz Pazos

Redacción: Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

Revisión lingüística: Elvira Ribeiro Tobío

Coordinación, imaxe e comunicación: Sirgo Torcendo

Maquetaxe: Cátia Leite

Producción técnica: Goyplasión S.L.

Asistencia á produción: Miraxe, S. Coop. Galega

Imprime: Gráficas Garabal S.L.

É fascinante comprobar como instrumentos de preto de 300 anos de existencia continúan a atraer públicos tan diversos arredor de todo un rico universo de saberes e técnicas e dunha fonda tradición musical. Nove edicións se cumpren este ano desta xa habitual cita que nos convoca durante a Semana Santa para conectarnos co noso pasado musical a través dunha programación ben cimentada no século XXI e en sintonía cos tempos que lle toca vivir. De Lugares e Órganos pon no centro, unha vez máis, o rico e, en boa parte, ben conservado patrimonio organístico compostelán e, con el, os lugares da cidade vencellados á historia musical que nela se agocha. Novos repertorios para contextos artísticos intemporais; unha pensada combinación de estilos e épocas; o talento e frescura dos novos intérpretes canda a fondura e sabedoría que proporcionan anos de experiencia; música, cine, rutas, alén doutras actividades, forman parte dos contidos dunha programación que nos permitirá achegarnos, un ano máis, á rica gama de tons e matices que posúe a nosa cidade, Compostela.

Con gusto convidámosvos a que vos sumedes a esta apaixonante viaxe ao pasado desde a perspectiva que nos proporciona o presente e goceades desta nova edición de De Lugares e Órganos.

Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela



De Lugares e Órganos cumpre nove edicións. Un ciclo que naceu coa vocación de converter Santiago nun referente máis entre as programacións de órgano que se espallan ao longo das paisaxes organísticas europeas e do resto do mundo e que, pouco a pouco, se foi reafirmando na súa intención de dar a coñecer o rico patrimonio que posúe a nosa cidade. Os órganos e os lugares seguen a ser os seus protagonistas para emprazarnos, de ano en ano, arredor dunha programación que trata de significar o que, ao longo da historia, representou a música tamén para Compostela. Unha iniciativa necesaria para a nosa pequena e acolledora cidade, que foi en tempos un importante centro da organaría peninsular e conserva aínda un rico e ben coidado patrimonio que debe seguir soando para non murchar.

Un ano máis, dispoñémonos a facer da cidade, dos seus lugares e dos seus órganos, un punto de encontro para a concordia arredor da música, coincidindo co momento do ano no que celebramos a chegada do que renace. A mestura da tradición musical con proxectos innovadores, a combinación de artistas internacionais canda o noso mellor talento creador, o coidado pola harmonía na interacción cos espazos nun tempo que chama á sensibilidade e respecto polas diferentes maneiras de estar no mundo, o saír na procura do coñecemento da historia musical da nosa cidade, foron as liñas que nos inspiraron ao longo destes anos e inspiran tamén esta nova edición. Danza histórica, música de varios períodos históricos, a pegada do cinema no órgano, roteiros pola cidade na memoria do organista e compositor compostelán Bartolomé de Olagüe, forman parte das citas que nos agardan ao longo desta semana de programación.

E, como pano de fondo, que serve este ano como imaxe distintiva do ciclo, os xogos gravados na pedra de Santa Clara e o recordo da nosa querida sor Teresita, freira e organista deste convento, unha muller que, desde que botou a andar De Lugares e Órganos, acompañou e apoiou o noso traballo, sempre con afecto e entusiasmo. In memóriam.

Belén Bermejo López
Directora artística do ciclo De Lugares e Órganos



> CONCERTO INAUGURAL

A MÚSICA PARA ÓRGANO NO SÉCULO DE OURO EN EUROPA

Páx. 10

Domingo 24 de marzo, 20.30 h, igrexa de San Paio de Antealtares

> CONCERTO

O GRAM SENHORA. UNHA MISA PARA AS FREIRAS DE AROUCA

Páx. 12

Luns 25 de marzo, 20.00 h, igrexa de Santa Clara

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

PROXECCIÓN NA SALA NUMAX: A PEGADA DO ÓRGANO NO CINEMA. ORGAN (O ÓRGANO, ŠTEFAN UHER 1965)

Páx. 20

Martes 26 de marzo, 19.30 h

> OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

MEMORIA SILENTE: BARTOLOMÉ DE OLAGÜE, ITINERARIO POLOS LUGARES DE MEMORIA ARREDOR DA FIGURA DO ORGANISTA E COMPOSITOR COMPOSTELÁN

Páx. 22

Mércores 27 de marzo, 10.30 h

Rúa do Castro, praza de Entrepraciñas (xunto á estatua de Afonso II)

Ás 12.30 h concerto na igrexa de San Miguel dos Agros

> CONCERTO

VENETIA. MÚSICA DA REPÚBLICA VENECIANA E A SÚA PEGADA EN EUROPA

Páx. 14

Mércores 27 de marzo, 20.00 h, capela de Ánimas

> CONCERTO

AS IDADES DE SANTA TERESA. MÚSICA E DANZA ARREDOR DA SÚA FIGURA

Páx. 16

Venres 29 de marzo, 20.00 h, igrexa da Universidade

> CONCERTO DE CLAUSURA

BREAKING NOTES. MÚSICA INGLESA DO SÉCULO XVII

Páx. 18

Domingo 31 de marzo, 20.00 h, igrexa da Universidade

> ESPAZOS

IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Páx. 24

IGREXA DE SANTA CLARA

Páx. 26

IGREXA DE SAN MIGUEL DOS AGROS

Páx. 28

CAPELA DE ÁNIMAS

Páx. 30

IGREXA DA UNIVERSIDADE

Páx. 32

Retirada de entradas:

As entradas para actividades e concertos son de balde, mais cómpre retirar invitación no despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural, Preguntoiro, nº 1 (Praza de Cervantes) aberto de martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h. Teléfono 981 542 462.

De non se esgotaren, tamén se poderán recoller o propio día da actividade no lugar onde esta se celebre desde unha hora antes do seu comezo. As invitacións serán válidas ata 10 minutos antes do inicio da actividade. A partir dese momento, a organización resérvase o dereito a empregar as localidades non ocupadas.

A apertura de portas terá lugar aproximadamente media hora antes da hora de comezo dos concertos e actividades.

A asistencia á proxección na NUMAX ten un custo de 4€. Pódense mercar entradas anticipadas no despacho de billetes do cinema ou na web numax.org.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal.





CARLOS FERNÁNDEZ BOLLO

MÚSICA

Igrexa de San Paio de Antealtares

Domingo 24 de marzo, 20.30 h


A MÚSICA PARA ÓRGANO NO SÉCULO DE OURO EN EUROPA

OBRAS DE SWEELINCK, CORREA DE ARAUXO OU SCHEIDEMANN, ENTRE OUTROS

O galego Carlos Fernández Bollo é un novísimo organista establecido en Groningen, nos Países Baixos, onde cursa os seus estudos de mestrado en órgano no conservatorio Prins Claus, pertencente á Universidade de Hanze. Nesta cidade colabora, ademais, como organista da catedral católica, así como na igrexa protestante de San Martín. A pesar da súa curta idade, vén de gañar o primeiro premio do V Concurso Nacional de Órgano Francisco Salinas, e recibiu tamén, no mesmo concurso, o Premio Montserrat Torrent, pola interpretación obrigatoria dunha obra de Antonio de Cabezón.

Carlos ofrecerá o seu primeiro concerto en Santiago de Compostela e farao cun programa integrado por música ibérica e europea do Século de Ouro e do primeiro Barroco, facendo ao tempo gala das súas habilidades improvisatorias. No decurso do concerto, teremos ademais oportunidade de conversar co artista sobre a súa formación, perspectivas, proxectos e sobre a experiencia de ter gañado, con só 23 anos, tan prestixioso concurso.

Carlos Fernández Bollo, órgano



ARS LUSITANA

MÚSICA

Igrexa de Santa Clara
Luns 25 de marzo, 20.00 h

O GRAM SENHORA. UNHA MISA PARA AS FREIRAS DO MOSTEIRO DE AROUCA

O conxunto Ars Lusitana, dirixido pola cantante e arpista María Bayley, dedica o seu traballo á investigación e recuperación do patrimonio musical portugués, coa idea de sacar á luz músicas pouco coñecidas ou que caeron no esquecemento, a partir de fontes musicais aínda por explorar: O grupo desenvolve, desde a súa creación, unha intensa actividade concertística e tense presentado en concerto en importantes festivais de Portugal, España e diversos países de Europa. O programa de hoxe está centrado na música renacentista procedente de conventos femininos, en particular na misa *O gram senhora*, recollida nun manuscrito conservado no Museo de Arte Sacra de Arouca (Portugal). Trátase dunha obra dedicada á Virxe, atribuída a un certo "Brasil", compositor do que non se coñecen datos biográficos, e baseada nunha peza devocional do mesmo título que non se conserva. O programa propón, ademais,

a reconstrución dunha práctica perdida, a interpretación dunha misa a catro voces, na que as tres partes superiores son cantadas e a parte inferior é tocada polo baixón, instrumento antecedente do fagot. Ademais, o programa aborda, a xeito de recreación litúrxica, outras obras dos repertorios de canto chan e polifónico portugués da mesma época, e obras para órgano do repertorio ibérico do século XVI.

María Bayley, soprano e dirección
Teresa Duarte, soprano
María de Fátima Nunes, alto
Joana Bessa Almeida, baixón
André Ferreira, órgano



© May Circus

ADRIÁN LINARES E JUAN DE LA RUBIA

MÚSICA

Capela de Ánimas

Mércores 27 de marzo, 20.00 h

VENETIA. MÚSICA DA REPÚBLICA VENECIANA E A SÚA PEGADA EN EUROPA

OBRAS DE CASTELLO, MERULO OU FESCOBALDI, ENTRE OUTROS

O violinista Adrián Linares, membro destacado da Orquestra Sinfónica de Galicia, ademais de concertino e director do grupo El Afecto Ilustrado, e Juan de la Rubia, un dos máis sólidos organistas do panorama peninsular e europeo, profesor da ESMUC, gran improvisador e organista titular da basílica da Sagrada Familia, xúntanse nesta ocasión para presentar en Compostela un programa de músicas da chamada Escola de Venecia, un movemento que tivo o seu máximo esplendor entre a segunda metade do século XVI e o primeiro terzo do XVII, e que reunía unha serie de autores arredor de importantes innovacións na

praxe musical, que marcarían a transición do Renacemento ao Barroco. No programa interpretaranse autores intimamente ligados á República Serenísima, canda outros nos que, a través do estilo empregado nas súas obras, se pode percibir a herdanza dos autores venecianos.

Adrián Linares, violín barroco
Juan de la Rubia, órgano



EVA NAREJOS E ANA AGUADO

MÚSICA

Igrexa da Universidade

Venres 29 de marzo, 20.00 h

AS IDADES DE SANTA TERESA.

MÚSICA E DANZA ARREDOR DA SÚA FIGURA

Esta orixinal proposta ideada pola música, coreógrafa e bailarina, especializada en danza histórica, Eva Narejos, en colaboración coa organista Ana Aguado, trata de achegarnos á figura de Teresa de Cepeda y Ahumada, nacida en Ávila un 28 de marzo de 1515, facendo un percorrido por diferentes episodios da vida da santa. Tanto a nena de inxenuas ocorrencias, como a muller e monxa de ideas claras, capaz de revelarse a través da súa enérxica pluma, estarán presentes neste retrato sonoro en movemento que nos axudará a percorrer os camiños seguidos por santa Teresa co único e firme propósito da unión con Cristo, amigo e amado.

A enérxica voz do órgano e a danza serán o fío condutor que materialicen ese desexo de unión entre o divino e o humano, que estivo presente ao longo da súa vida e tratou de transmitir a través dos seus escritos. O traballo coreográfico parte da reconstrución de

danzas do Século de Ouro a partir de fontes orixinais recollidas en documentos da escola ibérica de danza, como o tratado de Esquivel Navarro (1624), o manuscrito de Juan Antonio Jaque, de mediados do s. XVII, ou o tratado de Pablo Minguet e Irol, do s. XVIII. Ademais, contarase con outras coreografías, creación propia de Eva Narejos, a partir da linguaxe coreográfica da época. As danzas serán interpretadas, entre outras, sobre as músicas de Antonio de Cabezón, Pablo Bruna, Antonio Martín y Coll ou melodías das Cantigas de Santa María.

Eva Narejos, danza e coreografías
Ana Aguado, órgano



MARIA DANNEBERG E MARTA LÓPEZ FERNÁNDEZ

MÚSICA

Igrexa da Universidade
Domingo 31 de marzo, 20.00 h

BREAKING NOTES. MÚSICA INGLESA DO SÉCULO XVII

Dúas mulleres, a compostelá Marta López e a austríaca María Danneberg, xúntanse para facer música inglesa do século XVII nun dos órganos emblemáticos da nosa cidade, o órgano da igrexa da Compañía. O programa convida o público a mergullarse no mundo das *divisions*, *grounds* e danzas inglesas, combinando o colorido son da viola de gamba coas ricas posibilidades sonoras do órgano para recrear un repertorio extraído de dúas coleccións, o *Fitzwilliam Virginal Book* e o *Manchester Gamba Book*.

María Viktoria Danneberg é unha novísima violagambista establecida en Viena que desenvolve a súa carreira concertística en colaboración con diferentes formacións coas que ten actuado en escenarios como a Chapelle Royale de Versailles, a Ópera de Cámara de

San Petersburgo, a Wiener Musikverein ou a Staatsoper de Viena.

Marta López é unha especialista en instrumentos de tecla históricos que desenvolve a súa carreira profesional entre España e o Reino Unido, onde traballou como *Artist Fellow* no Departamento de Música Antiga da Guildhall School of Music & Drama, e foi tamén convidada polo Royal College of Music para traballar en calidade de repertorista e docente. Actualmente é profesora de clavecín do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra.

María Danneberg, viola da gamba
tenor e baixo
Marta López Fernández, órgano e espineta

O ÓRGANO SAE Á RÚA

MÁIS QUE MÚSICA

PROXECCIÓN NA SALA NUMAX: A PEGADA DO ÓRGANO NO CINEMA. ORGAN (O ÓRGANO, ŠTEFAN UHER 1965)

Data e hora: martes 26 de marzo, 19.30 h

Lugar: sala NUMAX, Concepción Arenal 9

Prezo: 4 € (venda anticipada no despacho de billetes do cine ou na web numax.org)

O órgano sae novamente á rúa e a programación do ciclo De Lugares e Órganos ten outra cita co cinema na sala NUMAX para asistir á proxección da película *Organ*, dirixida por Štefan Uher en 1965. Ambientada na Segunda Guerra Mundial durante a creación de Eslovaquia e a ocupación alemá, narra a historia dun mozo polaco, talentoso organista e desertor, que atopa refuxio ao escapar dos fascistas nun mosteiro franciscano. A película, en branco e negro, ofrece unha poética ollada sobre totalitarismo e as súas consecuencias e pon o foco na funesta unión entre o clero e o estado eslovaco, que se teceu entre os anos 1939 e 1945. A película estreouse no Festival de Cine de Locarno

en 1965, onde gañou o Premio Especial do Xurado e nela o órgano e a música de Bach son tamén os protagonistas e o fío condutor a través do que se recrea a trama.

Idioma: Eslovaco, Polaco

Subtítulos en galego

Duración: 99 min

Co apoio do Instituto Eslovaco da Cinematografía e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

A proxección irá acompañada dunha pequena conversa para contextualizar a proxección e achegar as claves que permitan entender a conexión do filme co mundo do órgano.



MEMORIA SILENTE: BARTOLOMÉ DE OLAGÜE, ITINERARIO POLOS LUGARES DE MEMORIA ARREDOR DA FIGURA DO ORGANISTA E COMPOSITOR COMPOSTELÁN

OUTRAS PAISAXES,
OUTROS TONS DA CIDADE

Olagüe, unha relevante figura do Barroco, vén engrosar, a raíz das últimas investigacións musicolóxicas, a nómina de compositores galegos pois, até a data, era descoñecido o seu lugar de nacemento. Sabemos agora que era orixinario de Santiago de Compostela e que, moi novo, profesou como monxe organista no mosteiro de Santa María de Sobrado, no que pasará corenta anos da súa vida. Trátase dun músico, organista, do que ademais se conserva obra escrita, cousa pouco habitual na altura.

O itinerario percorrerá, ao longo da cidade, diferentes lugares que teñen que ver coa figura deste ilustre músico e rematará cun pequeno concerto, a cargo do organista e investigador Marco Aurélio Brescia, no que se interpretarán obras de Olagüe recollidas no coñecido como *Libro de Cyfra de Porto*, no órgano de San Miguel dos Agros.

Data e hora: mércores 27 de marzo, 10.30 h

Lugar de encontro: rúa do Castro,
praza de Entrepraciñas
(xunto á estatua de Afonso II)

Número de prazas: 60 (é preciso
retirar invitación)

Ás 12.30 h concerto na igrexa de
San Miguel dos Agros



OUTRAS PAISAXES,
OUTROS TONS DA CIDADE

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ARREDOR DOS ÓRGANOS DE COMPOSTELA

Durante todo o período de programación, en escaparates de diferentes establecementos comerciais da cidade.

(En colaboración co Proxecto Em-Rede, Rede de iniciativas empresariais de Santiago e Comarca)



IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar ata fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784 construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración en 1974 a cargo do obradoiro de organaría de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha "peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois".

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano maior,

aquel composto polos canos da fachada e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada *caidereta* interior, que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que lle permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os timbres, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é, no órgano maior, de 13 na man esquerda e 15 na dereita e, na *caidereta*, de 7 na man esquerda e 8 na dereita. Ten, ademais, 10 contras ou canos de sonoridade grave que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte da organaría no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construída ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organaría peninsular.




IGREXA DE SANTA CLARA

Como no caso dos seus irmáns franciscanos, tamén as clarisas consideraban o órgano unha peza fundamental dentro do mobiliario litúrxico das súas igrexas, como parte consubstancial e insubstituíble dos oficios. E o convento de Santa Clara de Compostela, dende logo, non foi unha excepción á regra. Sabemos que no ano 1565 o organeiro de orixe viguesa, Pedro Martínez de Montenegro, fixo un órgano para o mosteiro “que ha de tener cinco registros (...) y haber muchas y buenas mudanzas con sus ruyseñores segun y de la manera que estan fechos los horganos de la iglesia de santa maria la nueva”. Un órgano de concepción renacentista que, con moita probabilidade, substituíu un anterior. De xeito colateral, infórmanos de que, a mediados do século XVI, había en Santiago un órgano na igrexa do desaparecido convento de Santa María a Nova, que estaba en Mazarelos.

Máis adiante, o órgano de Montenegro será substituído por outro debido a un organeiro de orixe portuguesa, pero que se asenta e traballa en Santiago: Baltasar Machado. Construído en 1668, este instrumento terá unha vida moi efémera, pois coa reedificación da igrexa a fins do século XVII, o organeiro da catedral de Santiago, Manuel de la Viña, construírá en 1709 o instrumento que hoxe podemos admirar. Da importancia que lle daban

as monxas clarisas ao uso do órgano nas súas celebracións litúrxicas dá boa proba o feito de que durante as obras, cando se debeu retirar o órgano de Baltasar Machado, Juan Galindo, arpista da Catedral e tamén organeiro, emprestaralle un pequeno órgano positivo ao mosteiro.

Polo demais, o interesante instrumento que agora acolle o mosteiro ten gran parte da tubaxe orixinal de De la Viña, a pesar das intervencións sufridas en 1750 e 1865, esta última a cargo do organeiro compostelán Ramón Cardama, autor do órgano da capela de Ánimas. Dáse o caso curioso de que Cardama foi o pai dunha das organistas do convento sobre a que temos noticia: sor M^a de la Asunción Cardama, que profesou no ano 1885 e é recordada como unha hábil organista e pianista. O órgano tamén tivo a intervención do franciscano frei Manuel Fernández entre 1930 e 1932, que alterou severamente a súa disposición orixinal. Porén, a recente restauración feita no ano 2004 pola casa inglesa Goetze&Gwynn devolveuno, felizmente, ao seu estado orixinal, ao tempo que conserva aquelas adicións posteriores que respectaron a súa esencia de órgano barroco ibérico. Así, o órgano de Santa Clara é un dos máis antigos de Galicia, plenamente operativo, que podemos escoitar hoxe en día.



IGREXA DE SAN MIGUEL DOS AGROS

Non é frecuente no noso país atopar órganos nas igrexas parroquiais. O órgano é un instrumento caro, tanto de fabricar como de manter, xa que require unha man de obra moi especializada. Amais, obriga ao pagamento dun organista. Os poucos que atopamos están localizados, xeralmente, naquelas vilas nas que o concello contribuía dalgunha maneira ao ornato da parroquia por mor dun maior esplendor das festas relixiosas nas que participaba. Tamén, cara a mediados do século XIX, as parroquias máis ricas das cidades comezan a ter o seu órgano. En Compostela, a moi antiga parroquia de San Miguel tiña unha economía saneada en virtude da acumulación de doazóns e fundacións da súa freguesía e, daquela, no século XIX, puido afrontar o gasto de contar cun órgano.

Trátase neste caso dun órgano de proporcións modestas, pero axeitado para o templo no que se atopa. Foi construído polo que daquela era organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Mernies, en 1842, e foi restaurado en 2001 polo taller de organaría dos irmáns Desmottes. Responde en todo ao prototipo

de órgano barroco ibérico que se asentaría na Península cara a fins do século XVII. Construíuse o órgano ao tempo que se remodelaba a igrexa, ao que contribuíu activamente o seu párroco, Xosé Velázquez Carbajal. O contrato foi outorgado o 9 de novembro de 1841 e nel, amais dos rexistros dos que debía constar o instrumento, especificábase o seu custo: 11.500 reais. O órgano estaba rematado en agosto de 1842, cando se lle fai o último pago ao organeiro e se lle dá unha propina de 500 reais. Mernies, canda o seu oficial José Linares, seguiría encargándose do mantemento e afinación do órgano, e mesmo da reposición dalgún cano roubado, até a súa morte en 1853. A fins do século XX o instrumento estaba moi deteriorado e totalmente inutilizable. Tivo que ser, de novo, outro teimudo clérigo -o daquela párroco, don Jaime López Ramón- quen, non sen moito pelexar, lograse xuntar os cartos precisos para a súa restauración. E é grazas á colaboración de todas esas persoas, conectadas polo seu amor á música a través de tres séculos, que hoxe podemos gozar de novo deste fermoso e nobre instrumento.



CAPELA DE ÁNIMAS

Ademais da Catedral e da gran cantidade de mosteiros da cidade, houbo historicamente en Compostela outros clientes que moitas veces adquirían para si un órgano: as confrarías. Naturalmente, só as que tiñan rendas e recursos económicos suficientes podían permitirse un instrumento coma este e, en calquera caso, tratábase de instrumentos máis cativos ca os da Catedral ou os dos mosteiros máis importantes. Temos noticia, por exemplo, de que xa no século XVI a Confraría do Rosario (con sede en San Domingos de Bonaval) tiña un órgano propio na súa capela e que, ademais, contribuía a manter outro máis que os dominicos tiñan na igrexa. Tamén quedan restos dun órgano de principios do século XIX, pertencente á Confraría da Nosa Señora do Socorro, na capela lateral, de igual nome, da igrexa de San Martiño Pinaro. Na propia Catedral, a Confraría dos Clérigos do Coro tiña tamén un instrumento na súa capela.

Do mesmo xeito, cando se remata a igrexa de Ánimas, sede da Confraría de Ánimas, esta decide dignificar o magnífico templo e as súas celebracións dotándoa dun órgano. Nun primeiro momento (xaneiro de 1855) encargáraselle este traballo a Santiago Tafall, organeiro

da Catedral e, daquela, un dos máis importantes organeiros peninsulares, que gañara o concurso convocado para a súa construción. Porén, debido á súa sonda, Tafall estaba naquela altura ocupado en obras de moita envergadura: entre 1855 e 1864 intervirá, entre outros, nos órganos grandes de todas as catedrais de Galicia a excepción da de Tui. Por iso, a obra de Ánimas queda sen facer, e non será ata 1880 (segundo consta na caixa do instrumento) que se constrúa o órgano, da man doutro organeiro compostelán, Ramón Cardama. Non temos moitos datos sobre este organeiro, que na documentación máis temperá aparece simplemente como carpinteiro, mais alá das intervencións que fixo pola cidade. Dentro da súa caixa neogótica, o órgano segue nas súas características a estética do órgano barroco ibérico, escola na que probablemente se formase (e, en certo modo, "militase") o seu organeiro, nun momento no que o chamado órgano romántico xa acadara unha ampla difusión por toda Europa. Foi restaurado recentemente polo obradoiro de organaría dos irmáns Desmottes, atópase nun excelente estado de conservación e é outra interesante peza do rico panorama dos órganos de Compostela.



IGREXA DA UNIVERSIDADE

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens mobles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que esta igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da Salve á tarde, “diante da imaxe da Virxe preñada”, é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun órgano positivo (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros), o cal parece indicar que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real Pedro Liborna Echevarría. Sanz xa traballara en Galicia, entre 1773 e 1778, na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iría Flavia e da igrexa de

Santiago de Padrón. A obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 marabedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que lle dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos salarios dos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesan local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Mernies, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organaría de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organaría histórica galega.





de LUGARES e ÓRGANOS



Agradecementos

- _Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- _Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara
- _D. Santiago Ferreiro Fernández, párroco da capela de Ánimas
- _Ricardo Vázquez Freire, administrador parroquial de S. Miguel dos Agros
- _Rastislav Steranka, director do Centro Cinematográfico Nacional, Instituto de Cine Eslovaco
- _Xan Gómez Viñas, socio traballador de NUMAX
- _Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto
- _A nosa especial gratitude e recordo para sor Teresita, freira e organista do convento de Santa Clara, pola súa axuda sempre entusiasta, in memóriam





COLABORAN



NUMAX



Ayuntamiento
de Burgos
CONCURSO NACIONAL DE
ÓRGANO FRANCISCO SALINAS

